

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	LEIRO
Edificio	Igrexa de Santo Tomé de Serantes
Dirección	Lugar de Serantes, s/n. 32428
	42.384684 -8.158354
Protección	
Descrición	<p>A Igrexa de Santo Tomé de Serantes, de estilo Románico, está situada nun contorno natural especialmente fermoso. Data, segundo se pode comprobar na súa fachada, de 1170. A súa planta é rectangular, dunha soa nave, con muros portantes de perpiaño, ábsida rectangular, sancristía acaroada no muro sur e cubertas a dúas augas con cubrición de tella curva. No exterior do edificio destaca a fachada dividida horizontalmente en dous corpos por un tornachoivas entre contrafortes. No corpo inferior ábrese a porta baixo dúas orquivoltas lixeiramente apuntadas que descansan sobre columnas dobradas e un tímpano sostido por mochetas. O superior acollé a un rosetón enmarcado nun arco de medio punto sostido por columnas acobadadas. No lado sur (alterado polo adhesión da sancristía máis a torre da espadana) destaca a presenza dunha porta con arquivolta apuntada e tímpano con relevo sobre mochetas de cabezas de home e muller. Apreciamos a súa rica decoración a base de canzorros, que se estenden polos muros laterais.</p> <p>No seu interior, consérvase un interesante baldaquino gótico de pedra que o visitante deberá coñecer antes de continuar o seu camiño. Nel pódese observar unha representación da Anunciación.</p> <p>Como noutras igrexas do rural galego, aparece o cemiterio dentro do recinto do adro, formando un conxunto onde conviven a parroquia dos mortos e a parroquia dos vivos.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	3
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	www.turismo.gal (Xunta de Galicia)
Data	14-04-2023

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Maior.	FERNÁNDEZ PELLÓN (GALICIA)	1882		

Espadana	Menor.	OCAMPO, HERMANOS	1969		
----------	------------------------	----------------------------------	------	--	--

Información completa: [Igrexa de Santo Tomé de Serantes - LEIRO \(GALICIA\)](#)

PDF (29-06-2026)